ESTUDO

Mozos investigadores xa non confían no i+d+i

Suspéndeno cun 4,2 sobre dez ■ O 92 por cento deles pensa que os traballos que realizan nu acabarán chegando á sociedade

E.P. . MADRID

O 92 por cento dos mozos investigadores españois pensa que non vai existir unha acción comercial c trate de distribuír e difundir os novos produtos ou coñecementos, segundo as conclusións do segundo informe Innovacef, un estudo realizado polo Centro de Estudos Financieiros (CEF) en colaboración coa Federación de Mozos Investigadores/Precarios.

Por segundo ano consecutivo o sistema de I+D+i español suspende en canto ó grao de confianza que esperta no colectivo dos mozos investigadores españois (valoración de 4,2 puntos sobre 10). O inform realizouse sobre unha mostra de 259 mozos investigadores espa- ñois sobre un universo de 25.000.

Respecto do ano anterior produciuse un incremento na porcentaxe dos mozos investigadores que pens que a acción comercial que se vai producir para difundir e distribuír estes resultados ás empresas ou sociedade vai ser escasa ou nula (92% en 2007 fronte ó 88% de 2006), polo que parece difícil que s produza unha adecuada transferencia dentro do sistema de I+D+i español que lles proporcione unha m confianza ós Mozos Investigadores.

Insatisfacción na carreira e formación insuficiente

Factores como a insatisfacción dos investigadores na súa carreira profesional, a insuficiente formación seguir desenvolvendo as súas habilidades e a práctica inexistencia de accións comerciais posteriores á obtención dos coñecementos para a súa difusión provocan a falta de confianza dos nosos mozos investigadores.

Así, o 73% considera que hai escasas ou nulas posibilidades de patentar, o 80% non ten expectativas recibir formación que lles permita profundar nos traballos que están desenvolvendo, e ó 71% non lle satisfai ou o fai escasamente o plan de carreira investigadora, segundo o estudo do Centro de estudo Financieiros.

O traballo só lles reporta beneficios a un 8 por cento

Na actualidade, soamente o 27 por cento dos investigadores está cooperando con outros socios para realización de proxectos de I+D+i multidisciplinares, e só o 8 por cento afirma que o seu traballo xa e axudando a incrementar os beneficios económicos da organización, indícase no estudo.

Ademais, o 62 por cento ten escasas perspectivas de mellorar a súa propia produtividade.

Pola contra, o 46 por cento cre que se obterán novos ou mellorados produtos ou procesos a partir da súas investigacións, e máis da metade (56 por cento) dos mozos investigadores está de acordo cos recursos económicos de que dispón para realizar as súas investigacións e, aínda que a gran maioría desta porcentaxe considera que serían necesarios algúns fondos máis, non cre que este aspecto prexudique o cumprimento dos obxectivos principais do seu proxecto.

SOLUCIÓNS

Axudas: máis e controladas

O informe Innovacef, realizado polo Centro de Estudos Financieiros, conclúe que existe unha continuidade na problemática dos mozos investigadores españois, que podería solucionarse se se materializan máis axudas á investigación.

Así mesmo, o do informe extráese que se deben vixiar máis estreitamente o uso que se fai delas (das axudas) por parte das empresas, así como recoñecer os dereitos sociais e laborais ós mozos investigadores desde o mesmo comezo da súa carreira e ata obrigar as empresas a destinar parte dos seus beneficios ós programas de I+D+i.

O estudo, o segundo deste tipo, realizouse a través de cuestionarios online a partir dunha mostra d 259 mozos investigadores, dentro dun universo de 25.000.

comentar

Escribe o teu comentario

Alias

Chave

Para escribir os teus comentarios nas noticias, precisas ser usuario rexistrado. De non selo **rexístrate agora**

Título

Comentario

envia

www.galicia-hoxe.com eliminará os comentarios considerados ofensivos ou que vulneren a legalidade.

visite nuestra web
Grupo Correo Gallego

Ante calquera dúbida, problema ou comentario nas páxinas de Galicia Hoxe envíe un e-mail a info@galicia-hoxe.com.
Titularidade e política de privacidade

© 2006 www.galicia-hoxe.com
Tódolos dereitos reservados. Prohibida a reproducción total ou parcial do contido sen a expresa autorización do propietario.